



## Memoria da Presidencia

Santiago Villanueva Álvarez, na súa calidade de Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulo a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2012 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2011.

### Consideracións previas e marcos económico e legal:

Na Memoria desta Presidencia, correspondente ao Orzamento do 2012, lembrábase a consolidación do Consorcio, e sendo o Orzamento que agora se presenta, o décimo primeiro documento orzamentario que se somete para a aprobación, esa consolidación é unha realidade indubidable o que significa que a prestación do servizo está cumprindo os obxectivos dentro do marco establecido no art. 5 dos estatutos.

Tamén na indicada Memoria, faciase fincapé á especial situación económica que incidía loxicamente no Consorcio, obrigando a restrinxir, ao máximo, o gasto, por mor tamén da repercusión nas dúas Administracións que forman esta entidade da dita situación xa que logo, están na obriga de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria que lles afectan (Comunidades Autónomas e Entidades locais). Nembargante, no dito documento concluíase que, en todo caso, a prestación do servizo público que realiza o Consorcio quedaba plenamente asegurada e, logo do transcurso do exercicio e vista a execución que se está a facer do Orzamento de 2012 e previsión para o fin do mesmo, o certo é que os obxectivos marcados no dito Orzamento e pese a situación indicada, áchanse cumpridos, xa que de feito, pese a que os investimentos previstos inicialmente tiñan sufrido un importante decrecemento, puidéronse acometer e están en marcha maiores investimentos dos inicialmente previstos, especialmente, de cara aos parques comarcais, para unha mellor prestación do servizo, utilizando para ese fin e como fonte de financiamento, o propio aforro do Consorcio, en concreto, o remanente de tesourería derivado do resultado da liquidación practicada ao Orzamento de 2011.

Quérese lembrar, así mesmo, que para afrontar a situación de crise económica que se mencionaba na dita Memoria, ao longo deste ano 2012, aprobáronse distintas medidas de axuste, de corrección de débedas con provedores, de racionalización da Administración Pública, e de estabilidade orzamentaria da Administración, e si ben algunha delas non é de aplicación ao Consorcio (Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro) outras, son de directa aplicación. E, precisamente, de entre esas últimas hai que destacar, pola incidencia xa no propio exercicio de 2012, o Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, e, moi especialmente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que ven a regular, nun texto único, a estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de todas as Administracións Públicas: Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social. E, consecuentemente, de aplicación a este Consorcio, debéndose lembrar ao respecto que entre outras obrigas, implica que a xestión dos recursos públicos deberá estar orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, e a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público de tal forma que calquera tipo de actuación da Administración que afecte aos gastos ou aos ingresos públicos, presentes ou futuros, deberá valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse, de forma estricta, ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Así pois, o proxecto que se presenta toma apoio nos principios e obrigas da dita Lei, xa que logo, a porcentaxe maior dos recursos deste Consorcio o constitúen as achegas das dúas Administracións Públicas que o forman, e que, á súa vez, están na obriga de dar cumprimento a propia Lei Orgánica,





de alí, que eses recursos, se dirixan, basicamente, a facer fronte aos compromisos de gasto que implican as distintas concesións do servizo público que presta este Consorcio, para rendibilizar, ao máximo, eses ingresos, e garantir, como no presente exercicio de 2012, que a prestación do servizo, non sufra mingua nin da propia prestación nin na calidade desta, pois á vista do Proxecto que se presenta, ditas obrigas significan unha porcentaxe do 83'75% sobre o total do gasto previsto do proxecto do Orzamento e que precisamente, debe quedar asegurado a través dos ingresos que ditas achegas implican.

Finalmente, e ao contrario do ocorrido no intre da aprobación do Orzamento de 2012, áchase aprobado o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2013, polo que, respecto do que atinxe ás retribucións dos empregados públicos, aténdese ao establecido nos arts. 22 e seguintes do mesmo.

Sobre a base das anteriores consideracións e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

#### **Estado de Gastos:**

O **Capítulo I**, mantén idéntica contía que o e Orzamento de 2011 e o aprobado para 2012, en aplicación do sinalado no art. 22 do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

Respecto do **Capítulo II**, reflicte unha continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas quedando as modificacións máis substanciais nos elementos seguintes:

- Os gastos dos contratos pola xestión indirecta, áchanse calculados sobre a base das actuais facturacións máis un IPC do 3'4% e cun IVE do 21%.
- Contémplanse seguros e gastos dos distintos vehículos que se adquiriron neste exercicio (4 Furgóns servizos varios, 4 vehículos mandos) e doutros que serán re-asignados a tres parques.
- Os gastos de administración xeral incrementáanse en 11.300,00€, tendo en conta que o mesmo recolle, basicamente, gastos con terceiros subministradores que se teñen incrementado por mor das distintas subidas do IVE (16% ao 18%, 18% ao 21%) e que non se tiña revisado desde o ano 2010, asemade, neste capítulo recóllense distintos seguros antes non contemplados (RC civil/patrimonial, do edificio, etc).

Por lo que toca ao **Capítulo III**, non experimenta variación respecto a 2012.

En relación co **Capítulo IV**, queda, como tamén no 2012 e precedentes, sen previsión inicial ningunha, toda vez que o Consorcio no prevé realizar as obrigas inherentes ás transferencias correntes

O **Capítulo VI** é o capítulo do estado de gastos que experimenta a modificación máis substancial, xa que, ao contrario de 2012, que sufriu unha importante diminución, agora vese incrementado (en 377.182,91€) por mor, especialmente, dos recursos tributarios procedentes das contribucións especiais, segundo se indica nesta Memoria respecto ao que atinxe aos Capítulos III e IV do Estado de Ingresos. En calquera caso, aparecen reflectidos dous tipos de obrigacións por investimentos:

- Investimentos para os parques comarcais de bombeiros: recolléndose, seis obras de distinta natureza dirixidas a parques comarcais (Arteixo, Boiro, Riveira, Ordes, Betanzos e Santa Comba) e, sen prexuízo de que, segundo resulte da liquidación do Orzamento de 2012, podan acometerse outros investimentos logo da correspondente modificación de créditos ben acudindo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. Asemade, tamén poderían ser acometidos en función da efectiva recadación de maiores ingresos dos inicialmente previstos.





- Investimentos de cara á Administración xeral: que reflicte as necesidades que como continuación dos investimentos iniciados en 2010 leva aparelhada á reforma do edificio sede administrativa do Consorcio e parcela.

No que afecta ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2011 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

#### Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, carecen de previsión por non ser de aplicación ao Consorcio os tributos que recollen.

O **Capítulo III** presenta unha dobre variación, xa que por un modo, diminúese a previsión respecto a recadación da taxa pola prestación do servizo, que, sobre a base do recadado ata setembro de 2012 e por mor da diminución, á súa vez, de intervencións, vese finalmente diminuída e, doutro lado, increméntase a contía inicialmente prevista en 2012, no que respecta a previsión de ingresos polas contribucións especiais, xa que se ten en conta, tanto a vixencia do Convenio aprobado polo Pleno en sesión do 13 de febreiro de 2012, como, en aplicación do mesmo, a recadación experimentada neste exercicio, aínda que, nembargante, áchase suxeita a variacións, polo que estímase prudente incluír unha porcentaxe do 60% sobre a recadación do presente exercicio, toda vez que non será ata o propio ano de 2013 cando se coñecerá, con exactitude, a contía finalmente recadada. Ao cal, tamén hai que engadir as posibles fluctuacións que poidan ter lugar en función dos convenios e prestación propia do servizo que poidan asumir concellos que neste momento non o realizan.

Respecto ao **Capítulo IV**, reflicte un incremento das achegas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña para o sostemento do Consorcio respecto ás inicialmente previstas para 2012 e 2011 (ambos, con idéntica contía). Débese ter en conta a este respecto, o contido do art. 23 dos estatutos desta Entidade:

*As achegas dos entes consorciados para o sufragamento dos gastos ordinarios de funcionamento do parque, efectuaranse da maneira seguinte:*

*a) Fase de construción e equipamento:*

*-Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.*

*-Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.*

*b) Fase de funcionamento:*

*-Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.*

*-Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.*

Pois ben, logo de ter en conta os ingresos previstos para o vindeiro ano, as achegas incluídas no Capítulo IV das Administracións que forman o Consorcio para 2013, representan o 100% do gasto total previsto dos contratos da xestión do servizo (prorrogados) así como tamén, do 100% dos gastos incluídos no Capítulo I, correndo o resto dos gastos do Capítulo II e III de conta dos ingresos propios, incluídos nos Capítulos III e V do proxecto de Orzamento.

En canto ás previsións incluídas no **Capítulo V** non experimentan variación ningunha respecto ás de 2012.

No que respecta ao **Capítulo VI**, tampouco experimenta variación, xa que non se prevé venda de patrimonio desta Administración, polo que loxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €.

No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto ás previsións de 2012 tendo en conta que, desde o ano 2010 é o propio Consorcio o que



financia os investimentos a través dos seus tributos propios así como tamén, acudindo ao aforro derivado do remanente de tesourería.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

### Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte a sinalada continuidade no mantemento do servizo que este Consorcio presta á sociedade dentro da especial situación económica actual e baixo tres elementos:

- O incremento que experimenta o Capítulo II do estado de gastos para afrontar, moi especialmente, as obrigas que comporta a prestación do servizo dentro do marco do cumprimento da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira asignando a este capítulo a maior parte dos recursos, orientándose a xestión dos mesmos de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, economía e calidade.
- O incremento, das transferencias do Capítulo IV do estado de ingresos, que corresponden ás achegas das Administracións consorciadas para afrontar o gasto corrente dos compromisos de gasto respecto das ditas xestións do servizo así como tamén para os que implican os empregados públicos.
- O incremento na previsión dos ingresos no que atinxe as contribucións especiais.

Como xa se indicou tamén na Memoria do Orzamento de 2012, enténdese que non poden afrontarse novos investimentos se non hai recursos suficientes, polo que estase na obriga de rendibilizar dos que se dispón atendendo, en primeiro lugar, ás necesidades e compromisos, é por iso, esa austeridade non afecta ás obrigas previamente adquiridas polo Consorcio, de forma que a prestación do servizo e, concretamente, canto afecta aos contratos das concesionarias, áchanse cubertos na súa totalidade, e polo tanto, o servizo público obxecto deste Consorcio, non vai sufrir deterioro nin na asignación dos recursos nin na calidade da súa prestación que queda, en todo caso, asegurada, como se desprende das asignacións económicas ás aplicacións que, de cara aos parques comarcais, reflicte o capítulo II do estado de gastos, así como tamén, os investimentos que se espera realizar ao longo do exercicio reflectidos no capítulo VI.

A presente Memoria, xúntase co resto da documentación elaborada, ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2013, a fin de que, completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o que se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, 26 de outubro de 2012.

**O presidente,**

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

